

Diplomas oficiais de lingua francesa DELF



Diploma **DELF TOUT PUBLIC**

En **2020**, o CLM da USC converteuse no centro colaborador da Alianza Francesa de Santiago de Compostela para a organización dos exames oficiais **DELF (Diplôme d'études en langue française)** na USC. O DELF e o DALF son as certificacións oficiais internacionais expedidas polo Ministerio de Educación Nacional de Francia, para acreditar as competencias en francés das persoas candidatas.

O DELF avalía os 4 primeiros niveis do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: A1, A2, B1 e B2 (o DALF os niveis C1 e C2).

No **CLM**, tanto no **campus de Santiago** coma no **campus de Lugo**, poderanse realizar os exames oficiais do DELF correspondentes ao **nivel B1** e ao **nivel B2**.

Normativa	Cadre européen commun de référence pour les langues https://www.ciep.fr/delf-dalf/delf-tout-public
Quen pode presentarse á proba	O <i>DELF tout public</i> está destinado a persoas adultas e adolescentes a partir de 16 anos, estranxeiras ou francófonas que non teñen o francés como lingua materna, e que desexan poñer en valor as súas competencias nesta lingua con fins persoais ou profesionais.
Inscrición	CONVOCATORIA DE XUÑO : do 1 de marzo ao 11 de abril de 2025. CONVOCATORIA DE OUTUBRO : do 1 ao 26 de setembro de 2025.
Preparación da proba	https://www.delf-dalf.es/prepararse/ Cursos de francés do CLM da USC
Resultados	Comunicarase a vía de coñecer os resultados no momento da proba.
Preguntas frecuentes	https://www.delf-dalf.es/preguntas-frecuentes/faq-preguntas-frecuentes

Convocatorias DELF B1 2025 do CLM	Datas da proba escrita	Horarios da proba	Lugar	Períodos de inscrición	Tarifas
Xuño	Xoves 5 de xuño	De 9:30h a 11:25h	Santiago Fac. de Ciencias Políticas	1/03 - 11/04	157 €
Xuño	Xoves 5 de xuño	De 9:30h a 11:25h	Lugo Fac. de Humanidades	1/03 - 11/04	157 €
Outubro	Martes 28 de outubro	De 9:30h a 11:25h	Santiago Fac. de Ciencias Políticas	01/09 - 26/09	157 €
Outubro	Martes 28 de outubro	De 9:30h a 11:25h	Lugo Fac. De Humanidades.	01/09 - 26/09	157 €

Convocatorias DELF B2 2025 do CLM	Datas da proba escrita	Horarios da proba	Lugar	Períodos de inscrición	Tarifas
Xuño	Mércores 4 de xuño	De 9:30h a 12:00h	Santiago Fac. de Ciencias Políticas	1/03 - 11/04	184 €
Xuño	Mércores 4 de xuño	De 9:30h a 12:00h	Lugo Fac. de Humanidades	1/03 - 11/04	184 €
Outubro	Mércores 22 de outubro	De 9:30h a 12:00h	Santiago Fac. de Ciencias Políticas	01/09 - 26/09	184 €
Outubro	Mércores 22 de outubro	De 9:30h a 12:00	Lugo Fac. De Humanidades.	01/09 - 26/09	184 €

As probas orais individuais terán lugar unha vez realizadas as probas escritas, segundo a planificación do centro de exame e previo contacto coas persoas candidatas.

MÁIS INFORMACIÓN

[Páxina web oficial dos exames DELF - DALF en España.](#)

Contacto: clm.delf@usc.gal clm@usc.gal